

O Sistema Solar, A Terra, a súa representación.



1) Verdadeiro (V) ou Falso(F): escolle a opción.

- No centro do Sistema Solar atópase a Lúa.
- A Terra é o satélite do Sol.
- O Sistema Solar non é un conxunto formado polo Sol e todos os astros que xiran arredor del.
- Unha estrela é unha bola xigante de xeados de amorodo.
- Un planeta é un corpo esférico que xira arredor do Sol.
- O camiño que seguen os planetas chámase órbita.
- Os planetas próximos ao Sol son: Venus, Terra, Xúpiter e Saturno.
- A Lúa non é un satélite da Terra.
- O movemento de rotación da Terra dura 365 días.

- O movemento de translación da Terra da lugar as estacións.
- Os días e as noites son consecuencia da luz da Lúa.
- Tres cuartas partes da superficie da Terra están cubertas por rochas.
- No movemento de translación a Terra xira arredor do Sol.
- A Terra tarda 24 horas en dar unha volta arredor do Sol.
- O sistema solar está formado polo Sol, oito planetas e outros astros.
- Na Terra distínguense dúas capas: a hidrosfera e a xeosfera.
- Os planetas próximos ao Sol son Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.
- A Lúa é o satélite da Terra e xira arredor dela.
- O movemento de rotación da lugar ás estacións.

2) Completa:

Escolle a opción correcta.

A sucesión do día e a noite prodúcese polo movemento da Terra que se chama _____. Consiste en que a Terra xira sobre si mesma e tarda _____ horas en dar unha volta completa.

As _____ prodúcense polo movemento de _____ da Terra. Nel, a Terra xira arredor do _____ e tarda _____ días en dar unha volta completa.

A Terra está formada por catro partes: a _____, a _____, a _____ e a _____.

A Xeosfera é a parte _____, formada por rochas e minerais. Ten tres capas: _____, _____, e _____.

A _____ é o satélite da Terra. As formas que vemos na súa parte iluminada polo Sol forman as distintas _____ lunares: _____, _____, _____ e _____.



O globo terráqueo-

Arrastra e coloca no seu lugar.

Ecuador

Hemisferio norte

Polos

Hemisferio sur

Eixe de rotación

Globo Terráqueo

- O _____ é unha esfera que representa a Terra con exactitude pero con moito menor tamaño.
- O _____ é a metade do globo terráqueo situado ao norte do ecuador.
- O _____ é a metade do globo terráqueo situado ao sur do ecuador.
- O _____ é a circunferencia imaxinaria que divide horizontalmente a Terra en dous hemisferios.
- O _____ é a representación do eixe do globo terráqueo que o atravesa polo centro e une os polos.
- Os _____ son os extremos da Terra máis alonxados do ecuador.





A Terra vista dende a Lúa.



As estações.

